



## O TSXG obriga á Xunta a dar máscaras FFP2 en escolas infantís e centros de maiores

**A CIG demandou a administración tras negarse o Consorcio a acatar os requirimentos da Inspección de Traballo e Seguridade Social**

A sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) vén de darlle a razón á CIG ao ditar unha sentenza pola que a Xunta de Galiza ten que proporcionar ás súas traballadoras de centros de maiores e escolas infantís máscaras de protección FFP2. A sentenza chega un ano e medio despois do inicio da pandemia e de numerosas denuncias da CIG contra a Xunta por negarse a protexer ao seu persoal e as persoas usuarias.

### Efectos da sentenza

O alto tribunal reconece nesta sentenza o dereito do persoal das Escolas Infantís e dos Centros de Día dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a dispor, **nos seus equipos de protección individual, de máscaras FFP2 abundas para a protección das vías respiratorias** fronte á Covid-19, tendo en conta os requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS).

Tamén reconece o dereito das traballadoras e traballadores a recibir **información e formación axeitada** sobre os supostos nos que sexa preciso o uso das máscaras FFP2.

Ademais condena á Xunta a **modificar a avaliación de riscos** dos postos para introducir como EPI as máscaras FFP2.

### Prevenición de riscos laborais

As delegadas de prevención da CIG denunciaron en varias ocasións ao Consorcio e á Consellaría de Política Social ante a autoridade laboral pola falta de medidas de protección fronte á COVID.

Así, a ITSS requiriu ao Consorcio medidas preventivas entre as que estaban o subministro de máscaras FFP2. Pero os responsables do Consorcio negáronse a acatar este requirimento e, xa que logo, non deron as máscaras FFP2 baseándose nunha avaliación de riscos que fixo Mugatra Qualtis.

Precisamente **Mugatra Qualtis tamén está condenada posto que se negou a cambiar a avaliación de riscos** tendo en conta as recomendacións da Organización Mundial da Saúde e a directiva europea, e posterior transposición á normativa do Estado español que considera a transmisión do SARS-CoV-2 mediante a inhalación de aerosois con partículas virais.

Foi por estes feitos polos que a CIG acudiu ao TSXG. É increíble que a Xunta se negara a dar unhas simples máscaras FFP2 ao persoal, máis cando daquela Feijoo estaba a esixir que fosen obrigatorias para toda a poboación.

Lembramos que nos centros de maiores hai moitos momentos da xornada nos que as persoas usuarias non levan posta a máscara (aseo -lavado de dentes-, momentos de xantar ou porque simplemente non a toleran). No caso das escolas infantís, as crianzas de cero a tres anos non levan máscara en ningún momento e é imposible gardar a distancia de seguridade (cambios de cueiro, colos para consolalos...).

Casualmente o persoal de centros de maiores recibiu as máscaras FFP2 na derradeira semana de xullo. Nas escolas infantís aínda non se recibiron.

**Esperemos que desta volta á Xunta perda o costume de recorrer as sentenzas gañadas pola CIG e deixe de afondar nesta vergoña.**

